

ROMERÍA

Carla Simón, 2025

1587

ESTREA EN NUMAX: 05.09.2025 | V.O. | +16 | 116 min

Marina (18), adoptada desde moi pequena, viaxa a Vigo para se encontrar por vez primeira coa familia de seu pai biolóxico. A súa chegada trae de volta un pasado xa soterrado. Guiada polo diario de súa nai e a través dunha conexión especial co seu novo curmán, Marina descubrirá as feridas familiares e poderá por fin revivir a memoria fragmentada duns pais dos que apenas ten recordos.

«Carla Simón completa o seu periplo iluminado arredor dos recordos familiares cun filme emotivo, claro, politicamente oportuno e conmovedor até a euforia»

Luis Martínez, EL MUNDO



Entrevista con Carla Simón: «A xeración de meus pais rompeu con todos os valores conservadores da sociedade española»

Por Mar Mato

Vostede sinalou que o cinema é un acto político. Que intención política tiña con esta longametraxe? A historia dos meus pais non era só a historia deles, senón a de toda unha xeración. Empecei a preguntarme que pasaba coa memoria desta xeración, que foi a que rompeu con todos os valores conservadores da sociedade española, franquista e católica, a que propuxo unhas ideas máis abertas, máis progresistas, máis libres. Sentía que non se estaba falando moito deles. Creio que o motivo é a dor que senten esas familias por estas perdas, o estigma que ten a heroína e a sida. Quería recuperalos e poñelos en valor. Son a memoria histórica deste país.

En Verán 1993 e en Romaría está patente o estigma. No seu caso, como o viviu? Cando como cineasta tes unha mirada sobre algo concreto é imposible que non se traslade á pantalla. A miña mirada sobre a historia dos meus pais é sen xulgalos. Lánzoa desde a comprensión, desde a aceptación. Foi unha putada o que lles pasou. Atopar o ton xusto para recrear todo iso requiriu moito diálogo co equipo. Tiña que quedar algo que non xulgase pero que tampouco idealizase. Non todo foi marabilloso pero foi unha época moi bonita tamén. Había algo moi lúdico nesa maneira de vivir o momento, que non se repetiu. Eu na miña mocidade sempre pensei no futuro, en formarme. Os meus pais e a súa xeración vivían moito o presente: un día estaban cuns colegas, despois atopábanse a outro e fíanse con el, terminaban collendo un tren e indo a non sei onde, dábanlles un traballo e quedaban a vivir tres meses alí...

Eu preguntaba sobre como viviu vostede o estigma. Vale, vale. Eu souben que os meus pais morreran de sida aos 12 anos; foi cando mo contaron. É unha idade moi permeable. Se cho contan sen xuízo, sen dor e con aceptación como fixo a miña familia ti recíbelo así. Foi xusto o ano que empezaba o instituto. A min axudoume moito entender que era unha cousa xeracional, que non foron só os meus pais. A droga entrou e levou a moita xente; a sida tamén. Entendelo desde aí axudoume.

Por que Romería de nome? Púxeno desde o primeiro momento. Asóciase cunha idea de viaxe mística. O significado é unha peregrinación cara a unha virxe. Na película é unha peregrinación cara á historia que a protagonista non ten. Despois xa me dei conta que aquí romaría ten outro significado, o das festas de vila que nas miñas películas sempre me gusta meter. Pareceume bonito que tivese as dúas caras.

Sen misterio non hai cinema? O cinema é ir descubrindo as cousas. A min paréceme moi interesante ese xogo co espectador, de irlle contando aos poucos as cousas para que vaia atando cabos e entendendo. Eu sempre penso que o cinema se parece moito a como un neno mira o mundo. Non pode entendelo todo desde un principio e a medida que crece entende máis cousas. A medida que avanza a peli o espectador vai entendendo máis. O misterio é algo moi cinematográfico.

Alguns espectadores pensan que é un axuste de contas coa súa familia paterna de Vigo... Non, non; non é un axuste de contas. Eu non fago esta película para sacarlles nada. Para min é un proceso de reparación coa miña memoria e oxalá coa de todos que sentiron moita dor por esas perdas neses anos. O meu reto e vontade era facer a película desde a empatía con esa dor.

Publicada en elcorreoweb.es



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Futuro imperfecto,
Xulia Alonso.
Plasson e Bartleboom, 2024